



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO VINTE E SEIS DE MARZO QUINCE DE MARZO DE DOUS MIL VINTE E CATRO

O 26 de marzo de 2023, ás 10:00 h, reuníronse os membros da Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria para os efectos de tratar os asuntos da Orde do día da convocatoria.

ASISTENTES

Presidente
José Manuel Mato Martínez

CONCELLEIROS/AS:

Constantino Fernández Vila
María Josefa Álvarez Bugallo
Juan Ramón Vidal Torrado
Raquel Fondo Pérez

Secretaria: Antía Pena Dorado

O presidente abre a sesión despois de comprobar que existe o quórum que esixe o artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

1 Expediente 2023/C003/000001. Proposta de adjudicación do contrato de obras de ampliación da rede de abastecemento na parroquia de Langueirón (A Carrasqueira – A Vitureira)

A secretaria le a proposta.

“PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

ASUNTO: ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE OBRAS: AMPLIACIÓN DO ABASTECIMENTO NA PARROQUIA DE LANGUEIRÓN (A CARRASQUEIRA, A VITUREIRA). EXPEDIENTE: 2023/C003/000001

Considerando que, para os efectos previstos no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público - LCSP 2017-, esta Alcaldía entendeu necesario que se tramitara un contrato de obras AMPLIACIÓN DO ABASTECIMENTO NA PARROQUIA DE LANGUEIRÓN (A CARRASQUEIRA, A VITUREIRA) cun valor estimado de 173.176,24 euros, IVE 36.367,01 euros, que totalizan un orzamento de execución por contrata de 209.543,25 euros, e segundo o proxecto redactado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos D. Pablo Blanco Ferreiro, colexiado núm. 22.992, e aprobado pola Resolución de Alcaldía número 283/2023 do 11 de abril, o cal contén toda a documentación prevista nos artigos 231 e 233 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público - LCSP 2017.

Para os efectos previstos no artigo 28.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

Público - LCSP 2017-, xustificase a necesidade de acudir ao contrato administrativo de obras en base á insuficiencia de medios persoais e materiais con que conta o Concello de Ponteceso para poder executar a obra. Acredítase consignación orzamentaria suficiente na partida orzamentaria 2023.160.62300 (código proxecto: 2023/2/23K/1), polo importe de 209.543,25 euros.

No cumprimento do disposto na Resolución da Alcaldía número 283/2023, de 11 de abril, neste procedemento empregouse o Prego tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexe para contratación mediante o procedemento aberto simplificado, con pluralidade de criterios de adxudicación, con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática, das obras comprendidas nos Plans Provinciais e outras obras provinciais, todo isto consonte ao establecido no artigo 159.1 e seguintes da LCSP.

Logo de ver o informe técnico que obra no expediente emitido polo Arquitecto Técnico Municipal na data 31/03/2023, os terreos sobre os cales se van a executar as obras, obxecto do presente contrato, en parte son de titularidade municipal para os efectos do artigo 236 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público - LCSP 2017, así como a acta de replanteo posterior á aprobación do proxecto, emitida polo arquitecto técnico municipal, Ernesto Fernando Calvo Pérez, na data de 14/04/2023, para os efectos previstos no artigo 236 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público - LCSP 2017, así como o informe do técnico de Administración Xeral, coordinador xeral, como xefe da dependencia de contratación de data 11/04/2023, e os pregos de cláusulas administrativas particulares empregando os prego tipo aprobados pola Deputación Provincial da Coruña para o procedemento aberto simplificado, previsto no art. 159.1 da LCSP, con pluralidade de criterios de adxudicación.

Constan no expediente as autorizacións sectoriais de: Servizo de Urbanismo da Xunta de Galicia, Deputación Provincial da Coruña e Augas de Galicia (declaración responsable).

Logo de ver os informes preceptivos de Secretaría do 17/04/2023 e de Intervención do 18/04/2023.

Logo de ver o acordo da Xunta de Goberno Local de 21/04/2023, pola que se aproba o expediente de contratación.

Constan os documentos xustificativos da súa tramitación electrónica e publicidade por medio da Plataforma de Contratación do Sector Público, así como as actas das reunións celebradas pola mesa de contratación e da súa proposta de adxudicación acordada na reunión de data 07/02/2024 a favor da oferta considerada con mellor relación calidade-prezo que corresponde coa empresa HORDESCON, SL, no prezo de 163.980,58 euros, máis 34.435,92 € de IVE, totalizando 198.416,50 € e demais condicións da súa oferta. Consta a acta da celebrada o día 08/03/2024 na que se cualificou a documentación presentada pola proposta como adxudicataria e esixida na cláusula 16 do PCA, entre a que se encontra a garantía definitiva polo importe do 10% da súa oferta económica, excluído o IVE (16.398,06 €), acordando darlle a súa conformidade.

Constan as ofertas económicas presentadas para o control de calidade da execución da obra solicitadas a tres empresas capacitadas, sendo a correspondente a 3C CALIDAD Y CONTROL, polo importe de 1.736,35 €, IVE incluído a que presenta o prezo máis baixo, igualmente para a coordinación da seguridade e saúde da obra solicitouse a presentación de oferta económica a tres empresas capacitadas, sendo a correspondente a Adrián Carlos Laíño Gallegos, polo importe de 1.260,82 €, IVE incluído, a que presenta o prezo máis baixo.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

Logo de ver o informe de fiscalización do expediente previo á adxudicación do contrato, asinado pola interventora o 20/03/2024.

A competencia municipal en relación co obxecto do contrato ven atribuída polo artigo 25.2, apartados b) e l), da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e pola Resolución número 555/2023, de 3 de xullo, modificada pola Resolución número 734/2023, de 8 de setembro, na que consta que a aprobación e adxudicación de expedientes de contratación e concesión de obras, servizos e subministracións cando o seu valor estimado non exceda do 10 % dos recursos ordinarios do orzamentos nin, en calquera caso a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, eventuais prórrogas incluídas sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non superen nin a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do primeiro exercicio nin a contía sinalada. Quedan excluídos desta delegación aqueles contrato cuxa contía non supere a establecida no artigo 118 da LCSP, referido a contratos menores así como os que se tramiten por procedemento aberto simplificado sumario conforme o artigo 159.6 da LCSP. A Alcaldía poderá avocar competencia nos supostos de urxencia debidamente motivada, e dará conta a XGL na vindeira sesión que se celebre.

Por todo o anterior, en virtude das competencias conferidas pola lexislación vixente e, en concreto, en virtude do disposto na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e tendo en conta a Resolución da Alcaldía núm. 555/2023, de 3 de xullo, modificada pola Resolución núm. 734/2023, de 8 de setembro, que delega a adxudicación na Xunta de Goberno Local.

Por todo elevo á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

Primeiro.- Adxudicar o contrato de obras denominado: << AMPLIACIÓN DO ABASTECIMENTO NA PARROQUIA DE LANGUEIRÓN (A CARRASQUEIRA, A VITUREIRA)) EXPEDIENTE: 2023/C003/000001>>, á empresa HORDESCON, SL, polo importe de 163.980,58 euros, máis 34.435,92 € de IVE, totalizando 198.416,50 €, cun prazo de execución de 6 meses, e demais condicións da súa oferta, ao ser considerada a de mellor relación calidade-prezo.

Segundo.- Dispoñer un gasto por importe de 198.416,50 euros con cargo á aplicación orzamentaria 2023.160.62300 (código proxecto: 2023/2/23K/1).

Terceiro.- Nomear como director da obra ao enxeñeiro de camiños, canles e portos, Pablo Blanco Ferreiro, colexiado núm. 22.992, quen exercerá tamén as funcións de responsable do contrato, como sinala o artigo 62 da Lei de Contratos do Sector Público.

Cuarto.- Nomear ó enxeñeiro técnico industrial, Adrián Carlos Laiño Gallegos, colexiado 2.196 COETICOR, como coordinador de seguridade e saúde.

Quinto.- Nomear á empresa 3C CALIDAD Y CONTROL para realizar as tarefas de control de calidade externa.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

Sexto.- Notificar o acordo ó director da obra e responsable do contrato, ó coordinador de seguridade e saúde, á empresa que realizará as tarefas de control de calidade externa, así como ás empresas licitadoras e ó contratista, e emprazalo para que no prazo máximo de 15 días hábiles, consonte ao artigo 153.3 da LCSP, contados a partires do seguinte a aquel no que reciba a notificación deste acordo, proceda a sinatura do contrato, debendo previamente comunicar o nome da persoa con poder suficiente para a súa sinatura, no nome e na representación da empresa.

Sétimo.- Publicar a adxudicación definitiva e a sinatura do contrato no Perfil do Contratante.

Oitavo.- Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto na Lei 9/2017, de contratos do sector público.

Ponteceso, a 21 de marzo de 2024
O alcalde/ (Asinado dixitalmente)/ José Manuel Mato Martínez”

Os membros da Xunta de Goberno Local que están presentes aproban a proposta por unanimidade de votos a favor.

2 Expediente 2023/U022/000028. Proposta de autorización de licenza a José Ramón Dourado Lema para reforma de cuberta dun alpendre anexo á vivenda

A secretaria le a proposta.

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

EXPEDIENTE:	2023/U022/000028
ASUNTO:	Solicitud de licenza de “reforma de cuberta de alpendre anexo a vivenda”
SOLICITANTE:	XXXXXXXX NIF: ***2207**
INTERESADO:	XXXXXXXX NIF: ***2109**
LOCALIZACIÓN:	XXXXXXXX Ponteceso (A Coruña). Coordenadas UTM (ETRS89): huso 29, X: 503.130 m. Y: 4.792.070 m. Referencia catastral: 15 069 A 199 00527 0001 BW

Logo de ver os seguintes antecedentes:

I.- ANTECEDENTES

21/11/2023 Achégase solicitude de licenza municipal para reforma de cuberta de alpendre anexo a vivenda, coa seguinte documentación:

- Datos de identificación da persoa física interesada: DNI de XXXXXXXX
- Acreditación de representación a favor de XXXXXXXX
- Título de propiedade da parcela: partilla de herdanza de XXXXXXXX, contida na partición dos bens de XXXXXXXX e XXXXXXXX, formalizada o 17 de xuño de 1997.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

- Título de propiedade da parcela: testamento aberto de XXXXXXX, formalizado ante o notario Francisco Javier Castromil Dotras, o 21 de novembro de 2011.
- Proxecto sen visar de reforma de cuberta de alpendre anexo a vivenda; do arquitecto Felipe Nuñel Méndez, colexiado n.º 3222 do *Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia* (COAG).
- Orzamento detallado das actuacións.
- Oficio sen visar da dirección da obra: Felipe Nuñel Méndez, arquitecto colexiado n.º 3222 do *Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia* (COAG).
- Cuestionario estatístico de edificación e vivenda do Ministerio de Fomento.

27/11/2023 O solicitante da licenza achega documentación complementaria:

- Proxecto visado (n.º 2305959,3) de reforma de cuberta de alpendre anexo a vivenda; do arquitecto Felipe Nuñel Méndez, colexiado n.º 3222 do *Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia* (COAG).
- Oficio visado da dirección da obra: Felipe Nuñel Méndez, arquitecto colexiado n.º 3222 do *Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia* (COAG).
- Cuestionario estatístico de edificación e vivenda do Ministerio de Fomento.

16/02/2024 Segundo informe técnico do enxeñeiro de edificación e arquitecto técnico municipal Ernesto Fernando Calvo Pérez; e de Óscar Seoane Centeno, arquitecto colexiado n.º 4680 do COAG, como servizo externo; o expediente iniciado está incompleto, polo que se notifica a documentación a maiores que ten se que achegar ou corrixir, así como as modificacións, xustificacións ou correccións que se deberán achegar para poder continuar coa tramitación do expediente:

- Xustificante do abono das taxas polo outorgamento da licenza.
- Datos de identificación da persoa física solicitante: DNI (ou documento que faga as súas veces) da persoa representante.
- Reportaxe fotográfica da edificación, subscrita polo solicitante e polo técnico redactor do proxecto.
- Oficio da dirección da execución da obra.
- Nomeamento do contratista e xustificación de alta para os efectos do imposto de actividades económicas.

23/02/2024 Achégase a seguinte documentación complementaria:

- Datos de identificación da persoa física interesada: DNI de XXXXXXX
- Datos de identificación do representante: DNI de XXXXXXX
- Acreditación de representación a favor de XXXXXXX
- Reportaxe fotográfica da edificación, subscrita polo solicitante e polo técnico redactor do proxecto.
- Oficio da dirección da execución da obra: Indalecio José Armán Barcia, arquitecto técnico colexiado n.º 1122 do Colexio Oficial da Arquitectura Técnica de A Coruña (COATAC).
- Nomeamento do contratista e xustificación de alta para os efectos do imposto de actividades económicas.
- Xustificante do abono das taxas polo outorgamento da licenza e do ICIO.

19/03/2024 Emítese Informe Técnico favorable por parte dos Servizos Técnicos



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

Municipais do Concello de Ponteceso.

O expediente púxose en coñecemento da Secretaria do Concello de Ponteceso o 22.03.2024

Consta no expediente o Informe de Intervención de data 13.03.2024

Consta no expediente o Informe xurídico de data 22.03.2024

Considerando o disposto na Ordenanza Fiscal nº23, reguladora da Taxa polo outorgamento de Licencias Urbanísticas e outros servizos urbanísticos (Publicación definitiva BOP Nº 198 de 16-10-2014

Considerando o disposto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, e no Plan Xeral de Ordenación Municipal que foi obxecto de Aprobación definitiva no Pleno Municipal do luns, 9 de Marzo de 2015.Publicado no D.O.G. nº 95, o 22 de Maio de 2015. || Publicado no B.O.P. nº 99, o 28 de Maio de 2015.

A competencia para resolver o expediente corresponde, en base ó disposto no art. 21.1 q) da lei 7/85 e no art. 61.1.o) da Lei 5/997, á Alcaldía mais está delegada na Xunta de Goberno Local por decreto 734/2023 do 08.09.2023

Por todo o anterior;

PROPOÑO Á XGL:

PRIMEIRO.- Proceder á concesión da **LICENZA DE OBRAS a XXXXXXX** co DNI *****2109**** para a **“Reforma de cuberta de alpendre anexo a vivenda”**, no **Lugar de XXXXXXX, Ponteceso**, na referencia catastral: **15069A199005270001BW** segundo o proxecto básico e de execución con número de visado 2305959,3 de reforma de cuberta de alpendre anexo a vivenda, do arquitecto D. Felipe Nuñez Méndez, colexiado n.º 3222 do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG), ao cal debe aterse.

SEGUNDO.- Suxeitar a concesión da licenza de obras ás seguintes condicións:

a) Particulares, segundo o informe técnico:

- A propiedade ha de aterse ó indicado para solo de núcleo rural e solo rústico no artigo 3.2.13 do PXOM (condicións de integración e de adaptación ao ambiente). Empregarase as cores sinaladas no “Tomo IX. Chairas e Fosas Occidentais” da Guía de Cores e Materiais de Galicia, da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (Xunta de Galicia).
- De ser necesaria a ocupación da zona de dominio público con elementos auxiliares (contedores, andamios, grúas ou calquera outro tipo de montaxe) para a realización dos traballos, o promotor/construtor terá que solicitar a autorización de ocupación de vía pública ante o Concello.
- O construtor terá que solicitar a colaboración e coordinación coa policía local cara a adecuada sinalización do ámbito e a organización do espazo a ocupar da vía pública, a fin de cumprir en todo momento a normativa vixente de tráfico e de prevención de riscos, así como a de evitar confusións e inconvenientes á veciñanza.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións, serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables das mesmas (promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras).
- Se o director da obra ou o director da execución da obra deixan de actuar nela, a propiedade debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folia de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal, e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Unha vez rematadas as obras deberá presentarse a correspondente solicitude de licenza de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 142.2.g da Lei do solo de Galicia).
- Unha vez rematadas as construcións, instalacións e obras, terase que aboar a taxa por primeira utilización ou ocupación dos edificios e instalacións en xeral, prevista no artigo 2.2.u) da Ordenanza Fiscal n.º 23. A base impositiva a efectos da súa liquidación estará constituída polo custe final, efectivo e real das construcións, instalacións e obras; que os suxeitos pasivos farán constar na declaración de deben presentar; de conformidade co previsto no artigo 8.6 da Ordenanza fiscal n.º 3, reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras.

Ademais:

- Os residuos de construción producidos durante a execución xestionaranse conforme ás disposicións de proxecto, e de acordo co establecido no Real Decreto 105/2008, do 1 de febreiro; de xeito que os que non poidan ser valorizados, reciclados ou reutilizados serán levados a vertedoiro autorizado, non podendo depositarse nos contedores de residuos domésticos.
- Os cascallos e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- É necesario adoptar as medidas necesarias para a protección dos traballadores e habitantes, cumprindo cos requisitos da lexislación vixente en materia de seguridade e saúde. As obras adaptaranse ao disposto no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción; quedando baixo a responsabilidade do promotor o cumprimento do mesmo.

A efectos do cumprimento coa ordenanza fiscal correspondente cara a liquidación das taxas polo outorgamento da licenza e do ICIO, o Orzamento de Execución Material (OEM) que figura na documentación presentada para a realización das respectivas liquidacións, e que se corresponde coa obra a executar, ascende a **22.588,35 €**. As liquidacións xa realizadas son:

- Taxas municipais (OEM × 0,20 %): 22.588,35 € × 0,20 % = 45,17 €.
- ICIO (OEM × 4,00 %): 22.588,35 € × 4,00 % = 903,53 €.

Lémbrese que a administración municipal poderá supervisar os traballos, a fin de comprobar a realidade do alcance dos mesmos.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

b) Condicións xenéricas:

- a) Lémbrese a necesidade de levar a cabo un axeitado tratamento dos residuos xerados polos mesmos.
- b) Comunícase a necesidade de adoitar as medidas necesarias para a protección dos traballadores e habitantes, cumprindo cos requisitos da lexislación vixente en materia de Seguridade e Saúde.
- c) A licenza de obras outórgase deixando a salvo o dereito de propiedade, os dereitos de terceiros e o que sexa competencia doutros organismos.
- d) Antes do comezo dos traballos deberá nomear director de execución da obra e coordinador de seguridade e saúde, debidamente visados polo colexio profesional correspondente, e comunícalo ao concello.
- e) As obras axustaranse á documentación presentada e no curso da súa execución adoptaranse as medidas previstas na lexislación en materia de seguridade e saúde no traballo.
- f) Previo ao comezo das obras levantarase a acta de reformulo polos técnicos municipais.
- g) O solicitante deberá poñerse en contacto cos titulares dos servizos urbanos que poidan resultar afectados para localizalos e evitar posibles roturas ou accidentes.
- h) Os servizos correspondentes ás conexións ás redes municipais de saneamento, auga potable e rede eléctrica, serán pola conta do promotor, e tamén serán á súa conta os gastos que poida ocasionar pola execución das obras nos pavimentos dos viais e beirarrúas públicas.
- i) Comunicarase á Policía Local antes do inicio, e coa antelación suficiente, dos posibles cortes de tráfico e tomaranse todas as medidas de protección necesarias para asegurar aos viandantes e vehículos coa correspondente sinalización, e cumpriranse as súas instrucións.
- j) Deberase dar cumprimento ao Decreto 105/2008, do 1 de febreiro, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia.
- k) Tomaranse todas as medidas oportunas para garantir a seguridade das persoas e vehículos e dar cumprimento ao Real decreto 604/2006, do 19 de maio, polo que se modifica o Real Decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos Servizos de Prevención, e o Real decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción. BOE nº 127, de 29 de maio.
- l) O prazo para o inicio das obras non poderá exceder dos seis meses e o de remate dos tres anos, contados dende a data do outorgamento da licenza, e non se poderán interromper as obras por tempo superior a seis meses.
- m) Nas obras maiores será indispensable a colocación dun cartel indicador no que faga constar: Número de expediente, data do acordo da concesión da licenza, nome e apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, prazo de execución das obras e o número de plantas autorizadas.
- n) Ao remate das obras deberá presentar no concello o certificado final de obra expedido polo director de obra.

TERCEIRO.- Segundo o disposto no artigo 353.2 do Decreto 143/2016 a licenza outorgase cos seguintes extremos:

- a) Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto de actuación: **SOLO DE NÚCLEO**



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

RURAL HISTORICO TRADICIONAL. A Ordenanza específica de aplicación é a NRH2 (artigo 7.2.1 da normativa do PXOM).

b) Finalidade da actuación e uso ó que se destinará: **Reforma de cuberta de alpendre anexo a vivenda**

c) Altura e ocupación de parcela permitidos:

Altura: **A existente**

Ocupación: **15 %**

d) Orzamento de execución material **22.588,35 €.**

e) Situación e localización das obras, coa súa identificación catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral de encontrarse inscrito **no Lugar XXXXXX, Ponteceso, na referencia catastral: 15069A199005270001BW**

f) Nome ou razón social da persoa promotora: **XXXXXXX** co DNI *****2109****

g) Técnico autor do proxecto e, se é o caso, dirección facultativa das obras e técnico coordinador de seguridade e saúde:

Técnico redactor do proxecto e director da obra: D. Felipe Nuñel Méndez, arquitecto Colexiado n.º 3222 do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG).

Director da Execución da Obra: D. Indalecio José Armán Barcia, arquitecto técnico Colexiado n.º 1122 do Colexio Oficial da Arquitectura Técnica de A Coruña (COATAC)

h) Prazos para o inicio e remate das obras e posibilidade de solicitar prórrogas: artigo 145 da LSG.:

Prazo para o inicio da obra:.....6 meses.

Prazo para a terminación da obra:36 meses.

CUARTO.- Notificar ao interesado, aos efectos legalmente establecidos, e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que se celebre.

Documento asinado dixitalmente na data e polas persoas que se indican ao marxe.”

Os membros da Xunta de Goberno Local aproban a proposta por unanimidade.

Non hai máis asuntos

O presidente remata a sesión ás 10:15 h e eu redacto esta acta.

O presidente

Dou fe. (artigo 3.2 do R. d. 128/2018)



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

José Manuel Mato Martínez

Antía Pena Dorado

Documento asinado electrónicamente ao marxe.